



Sistema de Información sobre Condutas de Risco para a Saúde na Xuventude (SIX)

Nome	Sistema de Información sobre condutas de risco para a saúde na Xuventude (SIX).
Periodicidade	2007 e 2014.
Responsable	Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP). Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia.
Ámbito xeográfico	Galicia.
Ámbito poboacional	Estudantes matriculados en 4º de ESO (curso no que todo o alumnado ten 15 anos o 31 de decembro, excepto aqueles que repiten curso).
Ámbito temporal	Os períodos de recollida da información de cada unha das edicións foron os seguintes: 2014: outubro e novembro de 2014. 2007: novembro e decembro de 2007.
Marco de mostraxe	Censo de centros escolares que imparten ensino secundario en Galicia, tanto público como privado, proporcionado pola Consellería de Educación. Del elimínanse aqueles centros que non imparten 4º de ESO ou aqueles que teñen menos de 10 alumnos e alumnas por aula.
Procedemento de mostraxe	Mostraxe unietápica estratificada de conglomerados. As unidades de primeira etapa son as aulas de 4º de ESO e as unidades de análise o alumnado matriculado nas aulas seleccionadas. Os criterios de estratificación son o tamaño do concello e o seu nivel de renda (4 estratos).
Tamaño da mostra	Os tamaños mostrais de cada unha das edicións foron os seguintes: 2014: 2.415. 2007: 2.041.
Método de recollida da información	Cuestionario anónimo autocumprimentado en soporte papel, baixo a supervisión dunha persoa enquisadora previamente adestrada e allea ao centro escolar.
Cuestionario	Emprégase un cuestionario estandarizado e anónimo. O cuestionario está dispoñible en galego.

O cuestionario recolle información sobre variables sociodemográficas, consumo de tabaco e exposición a fume ambiental de tabaco, calidade da dieta, adiposidade e percepción da imaxe, sedentarismo e accidentabilidade. A edición de 2014 incluíu ademais preguntas sobre acoso escolar e consumo de bebidas alcohólicas.